

O Concello de Porto do Son informa que a Deputación Provincial da Coruña, organiza dúas accións formativas gratuítas en socorrismo Acuático organizadas no marco do Plan de Emprego Local:

AFDP0209 SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS: 420 HORAS (340 formación teórica e 80 formación práctica)

AFDP0109 SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS: 370 HORAS (290 formación teórica e 80 formación práctica)

Inicio da formación: Espazos acuáticos naturais: marzo 2017 Instalacións Acuáticas: outubro 2017

A formación terá lugar nas instalacións da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia (FESSGA) en A Coruña, rúa Gambrinus nº 151, nave 3, de luns a venres e a razón de 6 horas diarias en horario de tarde (15:30 a 21:30) e as prácticas profesionais non laborais a realizar en praias de concellos da provincia. Primeiro desenvolverase a formación en espazos naturais e logo da tempada de praias, previsiblemente en outubro, desenvolverase a formación en instalacións acuáticas.

Debido ás especiais características do curso e á necesidade de realizar probas físicas de acceso só se admitirá un **máximo de 5 inscricións por concello, polo que de existir máis solicitudes terán preferencia os candidatos que presentarán a súa solicitude por orde de entrada no rexistro.**

Comunicamos que o próximo **martes día 14 de febreiro as 13:00 horas** será a data límite para a presentación de solicitudes das persoas interesadas na realización destas accións formativas.

A inscrición de cada persoa realizarase para as dúas modalidades de formación, iniciándose en primeiro lugar a formación en socorrismo en espazos acuáticos naturais.

1. Requisitos das persoas candidatas:

- Estar inscritas na Oficina de Emprego que lle corresponda e coa tarxeta de demandante de emprego debidamente actualizada á data do prazo de inscrición.
- Non estar dadas de alta ou en activo en ningún réxime da seguridade social para o que achegarán o certificado de vida laboral actualizado ás datas do prazo de inscrición.
- Ter cumpridos os 18 anos de idade no momento da inscrición.
- Estar empadroad/a en algún dos concellos da provincia da Coruña

2. Requisitos específicos:

As persoas candidatas deberán cumprir os requisitos específicos seguintes:

- **Nivel académico ou de coñecementos xerais:** Estar en posesión dos títulos ou certificados precisos para cursar a formación correspondente ao certificado de profesionalidade de nivel 2.
- **Condicións físicas:** Carencia de afeccións crónicas e enfermidades infecto-contaxiosas. Integridade física, resistencia, forza, destreza, coordinación visomotriz, axilidade, rapidez de reflexos.

3. Proba de natación

As persoas candidatas terán que superar probas de natación. Para efectualas é necesario levar o día que se lles cite para as probas: **traxe de baño deportivo, gorro de piscina, gafas de natación, chancletas e toalla.**

Probas:

Nadar 200 metros estilo libre nun tempo máximo de 4'15" (catro minutos 15 segundos) e realizar, sen impulso, 20 metros en apnea.

4. Documentación e xestións:

Para ser persoa candidata e participar nestas accións formativas completárase o **formulario de candidatura, asinarase a declaración de cumprimento de requisitos.**

Certificado ou Informe de saúde recente, emitido, asinado e selado por facultativo con data non anterior ó 1 de febreiro de 2017, sobre o cumprimento das capacidades físico-psíquicas para o desenvolvemento da actividade profesional de salvamento e socorrismo acuático

5. Procedemento de selección

Realización das probas físicas, as persoas candidatas haberán de presentarse na data, hora e localización para a realización de probas físicas, información que será comunicada por correo electrónico.

Día 15 de febreiro: realización das probas físicas na Piscina da Ramallosa no concello de Teo
Grupo 3 (15:00): Persoas candidatas dos concellos de A Pobra, Rianxo, Boiro, Porto do Son, Ribeira e Padrón.

As 15 persoas candidatas que acaden os mellores resultados nas probas e segundo a orde de puntuación obtida de maior a menor, terán que superar unha entrevista persoal na que serán, consideradas APTAS/NON APTAS.

SOCORRISMO ACUÁTICO 2017_REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS E PROCESO DE SELECCIÓN PARA AS ACCIONS FORMATIVAS DE SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURALS E SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS

Inicio da formación:

Espazos acuáticos naturais: marzo 2017

Instalacións Acuáticas: outubro 2017

A inscrición de cada persoa realizarase para as dúas modalidades de formación, iniciándose en primeiro lugar a formación en socorrismo en espazos acuáticos naturais.

1. Requisitos das persoas candidatas:

- Estar inscritas na Oficina de Emprego que lle corresponda e coa tarxeta de demandante de emprego debidamente actualizada á data do prazo de inscrición.
- Non estar dadas de alta ou en activo en ningún réxime da seguridade social para o que achegarán o certificado de vida laboral actualizado ás datas do prazo de inscrición.
- Ter cumpridos os 18 anos de idade no momento da inscrición.
- Estar empadroadado/a en algún dos concellos da provincia da Coruña

2. Requisitos específicos:

As persoas candidatas deberán cumprir os requisitos específicos seguintes:

Nivel académico ou de coñecementos xerais:

Estar en posesión dos títulos ou certificados precisos para cursar a formación correspondente ao certificado de profesionalidade de nivel 2.

Condicións físicas:

Carencia de afeccións crónicas e enfermidades infecto_contaxiosas .

Integridade física, resistencia, forza, destreza, coordinación visomotriz, axilidade, rapidez de reflexos.

3. Proba de natación

As persoas candidatas terán que superar probas de natación.

Para efectualas é necesario levar o día que se lles cite para as probas: **traxe de baño deportivo, gorro de piscina, gafas de natación, chancletas e toalla.**

Probas:

- Nadar 200 metros estilo libre nun tempo máximo de 4'15" (catro minutos 15 segundos) e realizar, sen impulso, 20 metros en apnea.

4. Documentación e xestións:

Para ser persoa candidata e participar nestas accións formativas completárase o formulario de candidatura, asinarase a declaración de cumprimento de requisitos e soamente se achegara o seguinte documento dixitalizado:

Certificado ou Informe de saúde recente, emitido, asinado e selado por facultativo con data non anterior ó 1 de febreiro de 2017, sobre o cumprimento das capacidades físico_psiquicas para o desenvolvemento da actividade profesional de salvamento e socorrismo acuático

Só se admitirán 5 inscricións por concello de persoas empadroadas no mesmo, serán candidatas para a realización das probas de selección aquelas persoas das que se achegue o formulario completo e asinado e o documento dixitalizado ó enderezo electrónico pel.socorrismo.acuatico@dacoruna.gal no prazo previsto.

5. Procedemento de selección

Realización das probas físicas, as persoas candidatas haberán de presentarse na data, hora e localización para a realización de probas físicas, información que será comunicada por correo electrónico.

As 15 persoas candidatas que acaden os mellores resultados nas probas e segundo a orde de puntuación obtida de maior a menor, terán que superar unha entrevista persoal na que serán, consideradas APTAS/NON APTAS.

Estas persoas serán chamadas por teléfono e terán que acudir á entrevista na hora e lugar no que se lle cite, con toda a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos para ser participante nas accións formativas:

- Informe de vida laboral actual
- Acreditación do nivel académico
- Certificado ou Volante de empadramento
- Tarxeta de demandante de emprego
- DNI ou NIE
- Documento bancario no que figure como titular dunha conta e o código IBAN e os vinte díxitos da dita conta (fotocopia da libreta de aforro, extracto bancario, etc.)

No caso de resultado NON APTA na entrevista, chamarase á seguinte persoa da listaxe e segundo a orde de puntuación obtida de maior a menor, ata completar o número máximo de alumno/a por acción formativa, quedando o resto de persoas e segundo a mesma orde, como suplentes para o caso das baixas que causen nos 5 primeiros días dende o inicio.

En caso de empate nos resultados das probas, terá preferencia de entre as persoas empatadas aquelas que estean empadroadas en concellos costeiros da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes, aplicando no caso de coincidencia, a preferencia de candidata sobre candidato.

PROPOSTA DE BOLSA DE PARTICIPANTE

A Deputación da Coruña ten prevista a concesión dunha compensación económica como medida de fomento da formación e aptitude para o emprego destinada ás persoas participantes na formación AFPDP0209_Socorrismo en Espazos Acuáticos Naturais e AFDP0109_Socorrismo en Instalacións Acuáticas, sempre e cando cumpran cos requisitos e condicións formuladas no procedemento de retribución de bolsas.

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN PARA AS ACCIÓNS FORMATIVAS DE SOCORRISTA EN ESPAZOS ACUATICOS NATURAIS (AFDP0209) E SOCORRISTA EN INSTALACIONES ACUÁTICAS (AFDP0109)

DATOS XERAIS

DATOS PERSOAIS DA PERSOA SOLICITANTE (OBRIGATORIO CUBRIR TODOS OS CAMPOS)

Nome e Apelidos:

Documento de Identidade Número:

Nacionalidade:

Lugar/provincia/país de nacemento:

Data de nacemento:

SEXO:

IDADE

(Información e datos acreditables coa copias do DNI/NIE)

ENDEREZOS (OBRIGATORIO CUBRIR TODOS OS CAMPOS)

Enderezo Postal:

Concello:

Código Postal:

Enderezo para efectos de notificacións:

Tlfnos. de contacto:

Enderezo de correo electrónico:

(Información e datos acreditables con certificado/volante de empadramento)

FORMACIÓN ACADÉMICA (SINALAR O APARTADO CORRESPONDENTE SEGUNDO A MAIS ALTA CUALIFICACIÓN ACADADA)

Título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria (LOE).	
Título de graduado ou graduada en educación secundaria (LOXSE).	
2º de BUP cun máximo de dúas materias pendentes entre os cursos de 1º e 2º de BUP	
2ª do primeiro ciclo experimental de reforma das ensinanzas medias (REM)	
Título de Técnico auxiliar (FP1).	
Título de Técnico (ciclo formativo de grao medio)	
Título de Técnico deportivo.	
Certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.	
Certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.	
Certificado de profesionalidade de nivel 2	
Título de Técnico de artes plásticas e deseño	
Tres cursos comúns do plan de 1963 ou 2º curso de comúns experimental, das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos.	
Dous cursos comúns do plan experimental do ano 1984 (Artes aplicadas e oficios artísticos).	
Oficialía industrial.	
Título de Técnico militar	
Título profesional básico (Real decreto 127/2014)	
Ter superada a proba de acceso a universidade para maiores de 25 anos ou para maiores de 45 anos.	
Superar os módulos obrigatorios dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI)	
Superar un curso de formación específico para o acceso a ciclos de grao medio en centros públicos ou privados	

***EXCLUIRANSE DO PROCESO DE SELECCIÓN TODOS OS FORMULARIOS QUE NON CONTEÑAN OS DATOS, INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN SOLICITADA NO MOMENTO DO ENVÍO DO MESMO**

autorizados pola administración educativa.	
Ter superada a proba de acceso aos ciclos formativos de grao medio ou cumprir co requisito académico de acceso a ciclos formativos de grao medio	
Outros estudos declarados equivalentes a efectos académicos con algún dos anteriores.	
Calquera titulación, certificación ou acreditación que de acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 3 de cualificación.	

(Información e datos acreditables con copia do diploma/certificado correspondente)

DOCUMENTACIÓN A APORTAR CON ESTE FORMULARIO (ACHEGAR ESCANADA)

Certificado ou Informe de saúde recente, emitido, asinado e selado por facultativo con data non anterior ó 1 de febreiro de 2017, sobre o cumprimento das capacidades físico-psíquicas para o desenvolvemento da actividade profesional de salvamento e socorrismo acuático.

DECLARACIÓN E COMPROMISOS

Declaro de xeito responsable:

- Que estou en situación de desemprego
- Que os datos que achego son veraces e podo acreditarlos documentalmente no caso de ser admitido/a.
- Que asumo o compromiso de asistencia regular, de culminación das accións formativas de Socorrismo en Espazos Acuáticos Naturais e Socorrismo en Instalacións Acuáticas programadas en fases sucesivas e unha vez iniciadas, e de aproveitamento óptimo dos recursos extraordinarios postos á súa disposición
- Que adquiero o compromiso de comunicar calquera cambio na miña situación de desemprego durante o período que transcorra entre a data de inscrición e a data do inicio da acción formativa (no caso de ser seleccionada/o).

Sinatura:

Asinado por:

En.....a.....de febreirode 2017

(Información e datos acreditables con copia de tarxeta de demandante de emprego e informe de vida laboral orixinal e o indicado nos outros apartados deste formulario)

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro do Proxecto Redexiana2, para a elaboración de listados de persoas participantes e datos de contacto así como ao uso posterior das imaxes que poidan ser obtidas como consecuencia da súa participación no proxecto para as accións de comunicación e difusión do mesmo. Coa inscrición a persoa solicitante autoriza á Deputación da Coruña, como responsable do tratamento de ditos datos, para o seu uso de conformidade cos criterios de calidade e seguridade esixidos pola lexislación vixente. Asimesmo poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición mediante comunicación dirixida ao Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. Deputación Provincial da Coruña. Av. de Cádiz nº 1_1º. 15007 A Coruña.

DOCUMENTACIÓN QUE TEN QUE ACOMPAÑAR Ó FORMULARIO DE INSCRICIÓN:

- Formulario, declaración e compromiso debidamente cumprimentado e asinado
- Certificado médico ou informe de saúde emitido por facultativo, que informe da capacidade físico-psíquica para o desempeño dun posto de traballo na actividade de salvamento e socorrismo acuático.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR NA DATA DA ENTREVISTA (SO AS 15 PERSOAS QUE SUPERARON AS PROBAS FÍSICAS COAS MELLORES PUNTUACIÓNS POR ACCIÓN FORMATIVA)

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou Número de Identificación de Estranxeiros (NIE) no seu caso.
- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego debidamente actualizada.
- Certificado ou Volante de empadramento.
- Informe de Vida Laboral actualizado a data da inscrición
- Acreditación do nivel académico QUE PERMITA O ACCESO A CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DE NIVEL 2
- Documento bancario no que figure como titular dunha conta e o código IBAN e os vinte díxitos da dita conta (fotocopia da libreta de aforro, extracto bancario, etc.)

ANEXO II CALENDARIO PROBAS FÍSICAS



Localización: TEO

Piscina da Ramallosa

Rúa república Arxentina N° 23 – A Ramallosa

15886 - TEO – A CORUÑA

Días e intervalos horarios establecidos:

Día 15 de febreiro:

Grupo 1 (11:00):

Persoas candidatas dos concellos de A Baña, Ames, Brión, O Pino, Teo e Santiago.

Grupo 2 (13:00):

Persoas candidatas dos concellos de Boqueixón, Touro, Vedra, Dodro e Padrón

Grupo 3 (15:00):

Persoas candidatas dos concellos de A Pobra, Rianxo, Boiro, Porto do Son, Ribeira e Padrón.

Día 16 de febreiro:

Grupo 4 (11:00):

Persoas candidatas dos concellos de Dodro, Rois, Carnota, Lousame, Vimianzo e Mazaricos

Grupo 5 (13:00):

Persoas candidatas dos concellos de Muros, Negreira, Noia, Outes, Camariñas e Cee

Grupo 6 (15:00):

Persoas candidatas dos concellos de Corcubión, Dumbría, Fisterra, Laxe, Muxía e Zas

